

# boletín do cesg

Colexio de  
Educadores Sociais  
de Galicia

Vº27 DECEMBRO 2005



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

---

Rúa Gómez Ulla, 7-3º  
15702 Santiago de Compostela  
[cesg@colexioeducadores.com](mailto:cesg@colexioeducadores.com)

## SOLIDARIEDADE COA COMUNIDADE DE PELCA

Como xa informamos no seu día, o CESG destina o 1% do seu presuposto ordinario (porcentaxe dos gastos correntes do exercicio anterior) a proxectos directos de colaboración internacional.

No ano 2004 esta aportación solidaria (correspondente aos gastos correntes de 2003) foi destinada para o desenvolvemento na comunidade de Pelca, en Bolivia, unha de tantas comunidades pobres que existen no país, ubicada ao Suroeste do departamento de Potosí na Provincia Antonio Quijarro, Municipio de Tomave. Esta comunidade, que ten características sobresaíntes, está formada por oitenta familias, aproximadamente catrocentas persoas. A comunidade de Pelca mantén os valores da cultura andina, na que se practica unha democracia participativa.

Como resultado dun proceso de reflexión e capacitación conta con líderes homes e mulleres que promoven o desenvolvemento integral da súa comunidade, xa que ata hai uns cantos anos só se dedicaban á mono-produción de millo. Na actualidade vanse introducindo novas estratexias de produción, con características diversificadoras, orientadas a mellorar a calidade de vida de todos os habitantes.

Pese a moitas dificultades sobre todo económicas, lograron manter o funcionamento da súa escola, que ata hai uns anos tiña características precarias, o que repercutía negativamente nos nenos, xa que non resultaba nada agradable permanecer nelas. A isto hai que engadirlle a mala alimentación e as carencias en canto a condicións hixiénicas nos nenos e nenas.

A comunidade logrou que o municipio, con axuda externa, mellorase a infraestrutura desta escola que carecía de servizos sanitarios como baños e duchas, polo que se vían obrigados a saír á intemperie para facer as súas necesidades biolóxicas. Foi neste senso no que o CESG colaborou, xa que o fin último da nosa aportación estaba orientado a previr enfermidades nos nenos e nenas que asisten á escola e así brindar maiores condicións para mellorar a calidade da saúde e por ende da educación. Para lograr este fin a nosa aportación económica destinouse á construción de baños hixiénicos e duchas solares.

Cabe destacar que en toda a comunidade non existía este tipo de infraestrutura polo que a construción dos mesmos servirá para fomentar tanto na escola como nas persoas maiores e mozos/as un hábito de limpeza, o que axudará a paliar algunhas enfermidades de tipo infeccioso.

Gumersindo Caipe (animador da comunidade) dicíanos entón: *“Nosotros estamos dispuestos a poner nuestra mano de obra, elaborando adobes, juntando piedras, arena; nos encargaremos de la obra bruta tanto de los baños como de las duchas, para lo cual trabajaremos organizados en grupos.”*

A día de hoxe os traballos na construción dos baños e duchas están moi avanzados. Os membros da comunidade formaron grupos de traballo nos que participaron tamén as mulleres, organizando distintas actividades e responsabilidades que teñen que asumir para non descoidar un traballo que beneficia a todos.

Colexio de Educadores Sociais do Calicó



Baños e duchas na escola da Comunidade de Pelca



Escola da Comunidade de Pelca, á que asisten uns setenta nenos e nenas tanto desa comunidade coma doutras lindantes.

## ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Participación da Vocal Laura Cruz López, en representación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia, nas "II Xornadas Coaching Menores: A Responsabilidade penal do menor", organizadas por Alar Galicia na cidade de Lugo. A súa intervención tivo lugar o día 13 de decembro nunha das Mesas técnicas, titulada "A experiencia profesional co menor".
- ✓ Audiencia coa Secretaria Xeral de Igualdade, Sra. Dona M<sup>a</sup> do Carme Adán Villamarín. Acudiron as Vocais do CESG Eva M<sup>a</sup> López Soto e Laura Cruz López, para tratar a necesidade de modificar a "Orde pola que se convocan e aproban as bases polas que se regula a concesión de axudas para levar a cabo programas de educación familiar que desenvolverán as corporacións locais", cara á normalización da profesión de Educador/a Social.
- ✓ Xestións administrativas e envío de solicitudes de habilitación ao CEESCyL (Colegio de Educadores y Educadoras Sociales de Castilla y León).
- ✓ Elaboración dun borrador de "Regulamento de Réxime Interior para a confección de Listas de Educadores/as Sociais Peritos Xudiciais". Estudio de diversas ofertas formativas dende a Área de Formación e Participación Colexial, relativas a este tema.
- ✓ Xestión de consultas de Asesoría Xurídica.

- ✓ Xestión de tramitacións e envío de traslados de expediente a Colexios de Educadores e Educadoras Sociais do resto do Estado.

### ✓ RECURSOS DE REPOSICIÓN:

- Ao Concello de Culleredo, contra as bases da convocatoria para a selección dun animador/a cultural, publicadas no BOP de A Coruña nº 280 de 9 de decembro de 2005.
- Ao Concello de A Pastoriza, contra as bases da convocatoria dunha praza de encargado/a de biblioteca e de actividades culturais e juvenís publicadas no BOP de Lugo nº 281, de 10 de decembro de 2005.
- Ao Concello de Carballo, contra as bases para a provisión temporal dunha praza de monitor/a cultural, publicadas no BOP de A Coruña nº 282, de 12 de decembro de 2005.
- Ao Concello de Neda, contra as bases da convocatoria dunha praza de animador/a cultural, publicadas no BOP de A Coruña nº 282, de 12 de decembro de 2005. Ao Concello de Santiago de Compostela, contra as bases para a contratación laboral temporal dun animador/a cultural publicadas no BOP de A Coruña nº 283 de 13 de decembro de 2005.


### NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG

- "Boletín Aldizkaria" Nº 123. Novembro 2005. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Boletín informativo da construción dos baños e ducha na Comunidade de Pelca.
- Revista "Perfiles. Revista general de política social" Nº 215. Decembro 2005. ONCE.
- SOLARI, A.M. (Coord.) (2003): *La justicia juvenil en América Latina. Aportes para la construcción de una utopía*. Montevideo: Defensa de Niñas y Niños Internacional (DNI) e Novib Oxfam Netherlands.
- "Herramientas. Revista interdisciplinaria sobre temas de Justicia Juvenil". Nº 2. 2001. Defensa de los Niños Internacional – Uruguay.
- AA.VV. (2004): *Investigación sobre las infracciones juveniles y las sanciones judiciales aplicadas a adolescentes en Montevideo*. Montevideo: Defensa de los niños internacional e Unicef.
- Revista "Cedro-Nos". U.A.D. Cedro.



Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril
L M M X V S D	L M M X V S D	L M M X V S D	L M M X V S D
1	1 2 3 4 5	1 2 3 4 5	1 2
2 3 4 5 6 7 8	6 7 8 9 10 11 12	6 7 8 9 10 11 12	3 4 5 6 7 8 9
9 10 11 12 13 14 15	13 14 15 16 17 18 19	13 14 15 16 17 18 19	10 11 12 13 14 15 16
16 17 18 19 20 21 22	20 21 22 23 24 25 26	20 21 22 23 24 25 26	17 18 19 20 21 22 23
% % 25 26 27 28 29	27 28	27 28 29 30 31	24 25 26 27 28 29 30
Maio	Xuño	Xullo	Agosto
L M M X V S D	L M M X V S D	L M M X V S D	L M M X V S D
1 2 3 4 5 6 7	1 2 3 4	1 2	1 2 3 4 5 6
8 9 10 11 12 13 14	5 6 7 8 9 10 11	3 4 5 6 7 8 9	7 8 9 10 11 12 13
15 16 17 18 19 20 21	12 13 14 15 16 17 18	10 11 12 13 14 15 16	14 15 16 17 18 19 20
22 23 24 25 26 27 28	19 20 21 22 23 24 25	17 18 19 20 21 22 23	21 22 23 24 25 26 27
29 30 31	26 27 28 29 30	% 25 26 27 28 29 30	28 29 30 31
Setembro	Outubro	Novembro	Décembro
L M M X V S D	L M M X V S D	L M M X V S D	L M M X V S D
1 2 3	1	1 2 3 4 5	1 2 3
4 5 6 7 8 9 10	2 3 4 5 6 7 8	6 7 8 9 10 11 12	4 5 6 7 8 9 10
11 12 13 14 15 16 17	9 10 11 12 13 14 15	13 14 15 16 17 18 19	11 12 13 14 15 16 17
18 19 20 21 22 23 24	16 17 18 19 20 21 22	20 21 22 23 24 25 26	18 19 20 21 22 23 24
25 26 27 28 29 30	% % 25 26 27 28 29	27 28 29 30	25 26 27 28 29 30 31

R/ Gómez Ulla, 7 - 3º - 15702 Santiago de Compostela  
 Tel.: 981 55 22 06 - Fax: 981 93 82 74  
 www.colexioeducadores.es.com - cesg@colexioeducadores.com



## FORMACIÓN CONTINUA

### CURSO DE FORMADOR DE MONITORES

**Organiza:** MADRO. Asociación "Madres en defensa de los jóvenes drogodependientes."

**Lugar:** Vigo.

**Datas:** do 23 ao 26 de xaneiro (horario de mañá)

**Nº de horas:** 25 h.

**Prezo:** Gratuito.

**Prazas:** 15.

**Prazo de inscrición:** Ata o 17 de xaneiro.

**Máis información:** Tif.: 986 208 874

### CURSO DE FORMACIÓN NON-ANDROCÉNTRICA DE AUTOCONHECIMENTO E CRECIMENTO PERSOAL PARA MULLERES

**Organiza:** María Iglesias Pérez e Rosa Millán García, Formadoras da escola de mulleres Simone de Beauvoir.

**Contidos:**

- Curso 1: O amor e os vínculos afectivos: percepción e vivencia corporal A apertura feminina e desmesura na relación...

- Curso 2: O meu proxecto profesional: da realización persoal ao traballo como padecemento: Percepción e vivencia corporal. O social e a libre significación feminina...

**Lugar:** Ferrol.

**Datas:** Primeiro: 4 e 5 de febreiro (12 h.). Segundo: a determinar

**Prezo:** 90 € cada curso. Prazas limitadas.

**Máis información:**

rosamillan45@yahoo.es

Tel.: 630102854

Rúa Iglesia, 88 - 1º

15402 Ferrol (A Coruña)

## FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

### CURSOS DE I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL

- 1) **CURSO BÁSICO DE INTERV. SOCIOLABORAL** (100 h.) (A distancia)  
Especialidades: INMIGRANTES, MULLERES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE. (30 h. c/u)

Prezos das especialidades:	1 especialid.	3 especialid.	Aplicaráselle un desconto do 10% aos/ás colexiados/as do CESG.
Soporte papel	90 €	200 €	
Soporte CD-ROM	70 €	150 €	
Soporte Web	50 €	100 €	

- 2) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES** (125 h.) (A distancia)  
3) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES** (125 h.) (A distancia)  
4) **CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLEMENTOS** (125 h.) (A distancia)  
5) **CURSO DE VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS** (100 h.) (A distancia)

**Organiza:** I.S. Intervención Social

Prezo:	Curso nº 1 (sen esp.)	Cursos nº 2, 3 e 4	Curso nº 5
Soporte papel	180 €	240 € c/u	200 €
Soporte CD-ROM	160 €	220 € c/u	180 €
Soporte Web	140 €	200 € c/u	150 €

Aplicaráselle un **desconto do 10%** aos/ás colexiados/as do CESG.

**Información:** I.S. Intervención Social

C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.

Tel.: 954 933807 // Fax: 954 933808

formacion@intervencionsocial.com // www.intervencionsocial.com

## NOVAS DOS BOLETÍNS

### EMPREGO

**Concello de Sanxenxo (Pontevedra):** Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para 2005. Unha praza de Educación Familiar. Tres prazas de Mestre/a de Educación de Adultos. Unha praza de Técnico en Cultural. Unha praza de Técnico en Educación. Dúas prazas de Ludoteca. Unha praza de Auxiliar de Información Xuvenil. Unha praza de Animador/a sociocultural. (BOE de 13 de decembro)

**Concello de Santiago de Compostela (A Coruña):** Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Responsable de exposicións e actividades culturais para o Auditorio de Galicia. (BOE de 19 de decembro)

**Concello de Fuensalida (Toledo):** Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Monitor de Actividades Xuvenís. (BOE de 24 de decembro)

**Concello de A Pastoriza (Lugo):** Bases da convocatoria de concurso-oposición para a provisión dunha praza de Encargado/a da biblioteca e de actividades culturais e xuvenís. (BOP de Lugo de 10 de decembro)

### OUTROS

**Xefatura do Estado:** Lei 27/2005, de 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz. (BOE de 1 de decembro)

**Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais:** Resolución pola que se da publicidade ao Convenio entre o Instituto da Muller e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre cooperación en programas e actuacións dirixidos especificamente ás mulleres. (BOE de 15 de decembro)

**Ministerio de Sanidade e Consumo:** Resolución pola que se publica o Convenio de colaboración en materia de drogodependencias entre o Ministerio de Sanidade e Consumo e a Xunta de Galicia. (BOE de 15 de decembro)

**Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais:** Resolución pola que se da publicidade ao Convenio de colaboración entre o Instituto da Xuventude e a Comunidade Autónoma de Galicia. (BOE de 16 de decembro)

**Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais:** Real Decreto 1452/2005, de 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. (BOE de 17 de decembro)

**Deputación Provincial de A Coruña:** Convocatoria de programas dirixidos a entidades para actividades e investimentos durante o ano 2006. (BOP de A Coruña de 19 de decembro)

**Deputación Provincial de A Coruña:** Convocatoria de programas de apoio á cultura, dirixidos a concellos para actividades e investimentos durante o ano 2006. (BOP de A Coruña de 19 de decembro)

**Deputación Provincial de A Coruña:** Convocatoria de subvencións a entidades sen fins de lucro para mantemento e investimentos de servizos sociais especializados, socio-sanitarios e de fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero, durante o ano 2006. (BOP de A Coruña de 19 de decembro)

**Deputación Provincial de A Coruña:** Convocatoria de subvencións aos concellos para desenvolvemento de servizos sociais e políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero, no ano 2006. (BOP de A Coruña de 19 de decembro, corrección de erros o 26 de decembro)

**Deputación Provincial de A Coruña:** Convocatoria de programas de apoio á cultura e ao asociacionismo veciñal, dirixidos a entidades para actividades e investimentos durante o ano 2006 (BOP de A Coruña de 19 de decembro)

**Ministerio de Educación e Ciencia:** Real Decreto 1509/2005, de 16 de decembro, polo que se modifican o Real Decreto 55/2005, de 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao e o Real Decreto 56/2005, de 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios de posgrao. (BOE de 20 de decembro)

## OUTRAS CONVOCATORIAS

### PREMIO "PROYÉCT@TE"

**Convoca:** Obra Social Caja Madrid.

**Obxecto:** O tema é libre, sempre que cumpra fins de interese socio-asistencial. Non obstante, valoraranse especialmente proxectos de sensibilización sobre certos temas especificados nas bases. As entidades dispoñen de liberdade para elixir os soportes (cartelería, marketing directo, charlas e coloquios, etc.)

**Contía:** 1º premio: 12.000 €. 2º premio: 9.000 €. 3º premio: 6.000 €.

**Prazo:** 15 de xaneiro de 2006.

**Máis información:**

[http://www.obrasocialcajamadrid.es/ObraSocial/os\\_cruce/0,0,70157\\_0\\_0\\_0,00.html](http://www.obrasocialcajamadrid.es/ObraSocial/os_cruce/0,0,70157_0_0_0,00.html)

### PREMIO INVESTIGACIÓN SOBRE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL

**Convoca:** AMPANS.

**Obxecto:** Os traballos versarán sobre calquera aspecto ou materia específica referente ás persoas con discapacidade intelectual, que desenvolvan pautas, métodos ou coñecementos eficaces para a mellora da intervención e a calidade de vida destas persoas, nas diferentes áreas da persoa: educación, vida adulta, saúde, intervención familiar, atención residencial, etc.

**Contía:** 1º premio: 3.000 € e publicación. 2º e 3º premio: publicación.

**Prazo:** 30 de xaneiro de 2006.

**Máis información:**

[http://sid.usal.es/docs/F1/ACT21705/premi\\_ipdi\\_castell\\_i2\\_.pdf](http://sid.usal.es/docs/F1/ACT21705/premi_ipdi_castell_i2_.pdf)